



Edificio Politécnico
Campus universitario
32004 Ourense
España

Tel. 988 387 000
Fax 988 387 001

esei.uvigo.es
info@esei.uvigo.es

COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

Por orde do Sr. Presidente prégaselle que, como membro da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Informática, teña a ben asistir á sesión ordinaria que terá lugar por medio de correo electrónico (segundo o procedemento que se atopa ao pe da convocatoria)ⁱ, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

DÍA E HORA: **venres, 9 de abril de 2021**, ás **11:00** horas en primeira convocatoria, e ás **11:30** horas en segunda convocatoria.

Orde do día

1. Deliberacións sobre os puntos da orde do día.
2. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (10/02/2021, 26/02/2021 e 12/03/2021).
3. Informe do Coordinador.
4. Aprobación, se procede, do POD para o curso 2021/2022.
5. Asuntos de trámite.
6. Queixas e suxestións.
7. Rolda de intervencións, rogos e preguntas.

Ourense, 6 de abril de 2021

A secretaria da Comisión

Asdo.: M^a Encarnación González Rufino

ⁱ PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DA COMISIÓN

1. Utilizaranse como válidos os correos electrónicos oficiais da uvigo dos membros da comisión, dos que dispoñe a secretaria da mesma.
2. A sesión comezará cun correo electrónico dirixido de parte do presidente do órgano, ou persoa en quen delegue, a todos os participantes ás 11:00 horas do día 9 de abril.
3. Toda a actividade desta reunión desde o momento da apertura da sesión canalizarase a través de correos electrónicos dirixidos a todos os membros da comisión.
4. Tras a apertura da sesión, o primeiro punto da orde do día é "Deliberacións sobre os puntos da orde do día". Se algún membro do órgano colexiado quere deliberar sobre algún punto da orde do día, este é o momento en que debe facelo. Os intervinientes, se desexan expresar opinións sobre algún contido da orde do día, disporán ata as 11:30 horas para expresar o que consideren oportuno. Todas as mensaxes enviadas durante a sesión pasarán a formar parte da documentación da acta da reunión.
5. Se tras a apertura da sesión ningún expuxese a necesidade dunha deliberación, o presidente, ou persoa en quen delegue, dará paso ao segundo punto da orde do día ás 11:30 h. En caso contrario, en función da entidade do asunto o presidente decidirá se se delibera e decide electronicamente, se se retira algún punto da orde do día, ou se se suspende a sesión electrónica.
6. Unha vez aberto o punto 2, os membros do órgano colexiado disporán **dun máximo de media hora** para votar. O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco, dando lugar á nulidade do voto calquera matiz ou condicionamento. Transcorrida a media hora prevista no apartado anterior supón automaticamente o levantamento da sesión.
7. Entenderase que houbo quórum se os votos emitidos igualan ou superan ao número de membros esixido en primeira ou segunda convocatoria. Se se alcanza quórum, informarase formalmente aos membros de tal circunstancia e do resultado das votacións; se non se alcanza, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros do órgano. (Para resolver calquera dúbida sobre a descrita dinámica de funcionamento, os membros do órgano poden pórse en contacto ca Secretaria da Comisión no enderezo electrónico secretaria.esei@uvigo.es)